

DECRETO DA ALCALDÍA **Expediente núm. 4345/2025**

Mediante Decreto da Alcaldía do día 13 de novembro de 2025, acordouse iniciar o expediente e aprobar as **“BASES PARA CONCERTAR CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PARQUE TEMÁTICO DAS “ALDEAS DE NADAL” NA EDICIÓN CORRESPONDENTE AO ANO 2025 (Exp. 4345/2025).**

O día 2 de decembro de 2025, constitúese a Comisión de Valoración para a avaliación das solicitudes presentadas en relación coas bases arriba referenciadas.

Nesta comisión aprobouse, segundo a acta do mesmo día que figura no expediente, a listaxe das solicitudes admitidas, que non se reproduce nesta proposta en aras da brevidade.


Polo tanto, de conformidade co disposto no artigo 21.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, RBRL; no art. 43.3 do ROF, aprobado polo RD 2568/86, de 28 de novembro e no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, **DISPOÑO:**

Primeiro.- Avogar a competencia que ostenta a Xunta de Goberno Local por razóns de índole técnica, tendo en conta os antecedentes enriba descritos e que as Aldeas do Nadal inaugúranse o día 5 de decembro de 2025 e non é posible tramitar o expediente en prazo para a próxima sesión da Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Aprobar a relación de colaboradores xunto coas achegas económica que consta no expediente 4345/2025, posto que, cumpren co establecido nas **“BASES PARA CONCERTAR CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PARQUE TEMÁTICO DAS “ALDEAS DE NADAL” NA EDICIÓN CORRESPONDENTE AO ANO 2025” (Expte. 4345/2025)** que rexen este expediente, tal e como se desprende da acta da Comisión de Valoración do día 2 de decembro de 2025.

1. Aldea de Papá Noel, por 5.000,00 €, a favor da empresa **“GRUPOAURELA SL.”**
2. Aldea do Apalpador, por 2.000,00 €, a favor da empresa **“MEGODEZA SLU”**
3. Aldea dos Reis Magos, por 3.000,00 €, a favor da empresa **“TECGLASS, S.L”**
4. Aldea da Música, por 2.000,00 €, a favor da empresa **“HERMANOS TOIMIL GARCIA S.L.”**
5. Tren Turístico por 1.500,00 €, a favor da empresa **“DISANFA, SL”.**

Terceiro.- Notificarlle o presente acordo ás empresas colaboradoras, para que procedan a asinar o correspondente convenio de colaboración empresarial e posterior abono do importe subvencionado, facultando ao Alcalde ou Concelleiro delegado, no



Lalín Muncípio

Contratación



Concello de Lalín

seu caso, tan amplamente como sexa preciso, co obxecto de levar a bo fin o presente acordo.

Cuarto.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante do Concello de Lalín, na páxina web municipal (www.lalin.gal) e no taboleiro de anuncios deste concello.

Mandouno e asinouno en Lalín,

O Alcalde,
José Crespo Iglesias

O Secretario Xeral,
César López Arribas

(Documento asinado dixitalmente ao marxe)

